

A Chave 

Os nomes galegos das algas

2020

4ª ed.



Citación recomendada / Recommended citation:

A Chave (2020⁴): *Os nomes galegos das algas*. Xinzo de Limia (Ourense): A Chave.
https://www.achave.gal/wp-content/uploads/achave_osnomesgalegosdas_algas_2020_4.pdf

Fotografía: argazo (*Laminaria* spp.). **Autor:** Jordi Colàs.

Esta obra está suxeita a unha licenza Creative Commons de uso aberto, con recoñecemento da autoría e sen obra derivada nin usos comerciais.

Resumo da licenza: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>.

Licenza completa: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode#languages>.

Notas introdutorias

O que contén este documento

Na primeira edición deste documento (2015) fornecéronse **denominacións para as especies de algas galegas (e) ou europeas, e tamén para algunhas das especies exóticas máis coñecidas** (xeralmente no ámbito divulgativo, por causa do seu interese culinario ou industrial, polas súas peculiaridades biolóxicas ou por seren moi comúns noutras áreas xeográficas).

Na segunda edición (2018) agregáronse **máis nomes galegos vernáculos** para algunhas especies, principalmente procedentes do galego de Asturias, e incluíronse **novas referencias bibliográficas**.

Na terceira edición (2020) incorpórase **o logo da Chave** ao deseño do documento e engádese algún **nome galego**.

Na cuarta edición (2020) engádese aínda algún **nome galego** máis, destácanse con **fondo azul claro as especies galegas** e reescribense as **notas introdutorias**. Máis completa que as anteriores, nesta nova edición achéganse **nomes galegos para 116 especies de algas**.

A estrutura

En primeiro lugar preséntase unha **clasificación taxonómica** que considera as clases, ordes e familias de algas, onde se apunta, **de maneira xeral, os nomes das algas** que hai en cada familia.

A seguir vén **o corpo do documento**, unha listaxe onde se indica, **especie por especie, alén do nome científico, os nomes galegos e ingleses das algas** (nalgún caso, tamén, o nome xenérico para un grupo delas). Nesta listaxe específica, destácanse con fondo azul claro **as especies galegas**.

Ao final anótanse as **referencias bibliográficas** que foron utilizadas para a elaboración do presente documento. Nalgunhas desas referencias recóllense ou propóñense nomes galegos para as algas, quer xenéricos quer específicos. Outras referencias achegan nomes para as algas noutras linguas, que tamén foron tidos en conta. Alén diso, inclúense algunhas referencias básicas a respecto da metodoloxía e dos criterios terminolóxicos empregados.

Tratamento terminolóxico

Procurouse en primeiro lugar nos **nomes vernáculos galegos**. Existe en galego unha montoeira de nomes para as especies de algas. En moitos casos trátase de **nomes xenéricos**, é dicir, aplicábeis a grupos de especies: **touca**, para algas que poden lembrar unha peza de tea polo seu aspecto, como algunhas do xénero *Ulva*; **verdello**, para as algas do xénero *Ulva* con forma de folla ou pano; **limocán**, para as algas verdes do xénero *Ulva* con forma de fío ou pelo; **bocho** e **botella**, en xeral para as algas do xénero *Fucus*; **marfollo**, **marfullo** ou **marmulo**, igualmente para algunhas algas do xénero *Fucus*, aínda que tamén para outras especies; **argazo**, para algas laminariáceas, principalmente do xénero *Laminaria*, aínda que tamén para outras especies semellantes; **folla** e **follada**, tamén para algas laminariáceas; **taborra**, para as algas do xénero *Codium* que tipicamente teñen aspecto de cordóns ramificados, con formas que semellan dedos; **lixos**, para algas vermellas filamentosas, caracteristicamente as liagoráceas; **cotón**, para algas de aspecto cotonoso, como as abundantes *Ectocarpus* spp.; **rabo de raposo**, nome con frecuencia asignado ás especies do xénero *Cystoseira* etc.

Ademais, existen no léxico vernáculo **nomes específicos** de algas, que se refiren a unha especie concreta, como por exemplo **argazo bravo** para *Saccorhiza polyschides* (= *Saccorhiza bulbosa*), **craca** para *Lithophyllum incrustans*, **ramallo do mar** para *Codium tomentosum*, **gusmo** para *Codium adhaerens*, **fiúncho do mar** para *Ceramium rubrum*, **rabiza** e **piola** para *Chorda filum*, **faixa** para *Saccharina latissima* (= *Laminaria saccharina*), **marfollo de xorra** para *Furcellaria fastigiata* (= *Furcellaria lumbricalis*); **queimella**, entre outros nomes, para *Desmarestia aculeata* etc.

Tamén se tiveron en consideración nomes recollidos do **galego de Asturias**, como por exemplo **gamallo**, para algas laminariáceas; **cincho** para *Saccorhiza polyschides* (= *Saccorhiza bulbosa*) e tamén **cinchón** para outras especies laminariáceas; **verdín**, para as algas do xénero *Pleurococcus*; **meruxa** para *Asparagopsis armata* (= *Falkenbergia rufolanosa*) etc., incluídos neste recurso léxico como sinónimos doutros nomes galegos ou como nome principal, segundo as especies.

Cómpre salientar que algunhas denominacións galegas xa foron rexistradas e anotadas no século XVIII polos ilustrados **Sarmiento e Sobreira**, tales como **verdello**, **correa**, **correola**, **argazo**, **sargazo** ou **golfe**. O léxico galego do ámbito ficolóxico queda tamén reflectido no **refraneiro popular**: *Mar de andazo cospe argazo*.

Procurouse así mesmo na **lusofonía**. En liñas xerais, hai unha **relativa correspondencia entre os nomes portugueses e os nomes galegos das algas**. O uso das denominacións portuguesas **touca**, **folha**, **folhinha** ou **folhada** correspóndense pouco máis ou menos co uso das galegas **touca**, **folla**, **follada** ou **follegada**; o dos nomes portugueses **botelho** e **botelha** correspóndense en boa medida co dos galegos **botella** e **botelleira**; os nomes portugueses **laminária**, **argaço** e **sargaço** teñen a súa equivalencia cos galegos **laminaria**, **argazo** e **sargazo**; as denominacións portuguesas **golfo** ou **golfe** son equivalentes ás galegas **golfo** ou **golfe**; en portugués úsase o nome **limo** para algunhas algas, e en galego, de modo moi semellante, **limo** e **limocán**; as algas do xénero *Cystoseira* reciben en portugués a denominación **rabo-de-raposa** e en galego **rabo de raposo**; galego e portugués comparten o nome **musgo da Irlanda** e os doutras algas para as que tamén se usa o termo **musgo** etc. Non obstante, a correspondencia entre as





denominacións portuguesas e galegas non sempre é exacta, como acontece co nome **meruge**, que en portugués designa a alga vermella xigartinácea *Chondracanthus acicularis*, e o nome **meruxa**, que no galego de Asturias designa a alga vermella bonnemaisonácea *Asparagopsis armata* (= *Falkenbergia rufolanosa*).

Seguíndomos o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: "Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, **o portugués será considerado recurso fundamental**, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego", tómase neste recurso léxico o nome **foluda** do portugués para nomear algas banxiáceas (xéneros *Porphyra* e *Pyropia*). É un nome portugués exclusivo e ben xeitoso para as algas destes xéneros, que teñen un aspecto de folla ou de moitas follas xuntas, e do mesmo modo ben acaído en galego.

Recorreuse así mesmo aos **nomes científicos, en latín**. Deste xeito, fornécense denominacións xenéricas, como **ulva** para as especies do xénero *Ulva*, **cistoseira** para as especies do xénero *Cystoseira* ou **acetabularia** para as especies do xénero *Acetabularia*; nalgún caso, adaptándoa ao galego, como **coralina** para as algas do xénero *Corallina* ou **grateloupa** para as do xénero *Grateloupia* (como tamén fai o francés para estas algas: *grateloupe*, nomes todos, tanto o científico como os comúns, en honra do algólogo francés Jean-Pierre Sylvestre de Grateloup). Algunhas destas denominacións (como **ulva** ou **coralina**) xa se teñen usado en ámbitos terminolóxicos galegos ou xa están recollidas nalgúns dicionarios galegos. A partir do nome científico latino tamén se forman denominacións específicas, como **acetabularia crenulada** para *Acetabularia crenulata* (crenulada: serrada, que ten unha forma semellante aos dentes dunha serra), **acetabularia caliculada** para *Acetabularia caliculus* (caliculada: que ten unha estrutura semellante ao cálculo: conxunto de brácteas que envolve o cálize dalgunhas flores) etc.

Un outro recurso foron **denominacións vernáculas** doutras partes do planeta, nomeadamente algunhas procedentes do **xaponés**, adaptándoa ou traducíndoa para o galego, que tamén teñen sido **adoptadas e adaptadas en moitos outros idiomas**. Así, por exemplo: **nori** para algunhas especies do xénero *Pyropia* (algas vermellas), de maneira particular para *Pyropia tenera*; **nori verde** para as especies do xénero *Ulva* que teñen forma de fio ou pelo (algas verdes), e de maneira particular *Ulva compressa*; **funori** para as especies do xénero *Gloiopeltis* (algas vermellas); **wakame** para *Undaria pinnatifida* (alga castaña); **arame** para *Eisenia bicyclis* (alga castaña) etc.

Para algas relativamente coñecidas, cando menos nos ámbitos divulgativos, aplicáronse os mesmos **nomes que, coincidentes, teñen en diversos idiomas**, como por exemplo **palmeira mariña** ou **palmeira do mar** para *Postelsia palmaeformis* (inglés: *sea palm* ou *palm seaweed*; español: *palmera de mar* ou *palma de mar*, por causa da súa forma, como tamén indica o nome científico), **rabo de pavón** para *Padina pavonica* (inglés: *peacock's tail*; francés: *padine queue-de-paon*, por lembrar o aspecto dun rabo de pavón aberto, como tamén indica o nome científico), **vergallo de boi** para *Nereocystis luetkeana* (inglés: *bullwhip kelp* ou *bull kelp*; francés: *varech géant de taureau*, por semellar este tipo de látigo, cando queda desprovista das follas), **toalla turca** para *Chondracanthus exasperatus* (inglés: *Turkish towel*; francés: *serviette turque*, polo seu aspecto) etc.

Especies con máis dun nome

A lingua galega é extraordinariamente rica no que atinxe aos nomes das algas, como xa se pode esperar, por ter Galiza unha costa extensa e chea de biodiversidade. Por iso ás veces atopamos máis dun nome para unha especie concreta: **marfollo de xorra**, **raspa**, **madeixa** e **carrasca de vender**, por exemplo, para a alga *Furcellaria fastigiata*; ou para un grupo: **argazo**, **cinchón**, **correa**, **correola**, **gamallo**, **follada** ou **laminaria**, por exemplo, como nome xenérico para as algas da familia **Laminariáceas**.

Todos os nomes achegados neste documento considéranse correctos, pódese usar calquera deles. No entanto, recoméndase o primeiro nome como preferente; o seguinte –ou seguintes– aparecen marcados coa abreviatura **sin.**, que indica que son **sinónimos** do primeiro nome, que sería o principal, de acordo cos criterios da Chave.

Nos exemplos dados, os preferentes serían **marfollo de xorra** –para a especie *Furcellaria fastigiata*– e **argazo** –para as algas laminariáceas–, aínda que, como dicimos, calquera deles é válido, e dependería do contexto e do criterio de cada persoa usar un ou outro nome, ou facer referencia a máis dun deles.

O mesmo nome para varias especies: carromeiro

En galego, do mesmo modo que acontece en todas as linguas do mundo, un mesmo nome é empregado para designar varias especies da fauna ou da flora. Canto ás algas, un exemplo sería o vernáculo **carromeiro**, que se usa para nomear tanto as algas do xénero *Gelidium* (**Xelidáceas**) como as algas do xénero *Laminaria* (**Laminariáceas**).

Neste caso, ademais de **carromeiro**, existen outros nomes galegos para cada unha das especies. Para todas elas, A Chave recomenda como nome galego principal outro diferente de **carromeiro**: **caloca** como denominación preferente para as especies do xénero *Gelidium*, **faixa** (ou **faixa común**) como nome primeiro para *Saccharina latissima* (= *Laminaria latissima*) e **argazo** ou **folla** como nome primeiro para outras especies do xénero *Laminaria*. **Carromeiro** preséntase como denominación secundaria sinónima dos nomes anteriores, nas respectivas especies.

Musgos e mofos

Musgo é a denominación galega máis xenérica ou xeral para as especies muscíneas (briófitas). Orixinouse a partir do latín *muscu*. Ten a súa equivalencia en catalán con *molsa*, en castelán con *musgo*, en italiano con *muschio*, en francés con *mousse*, en inglés con *moss*, en alemán con *Moos* etc. (en portugués, igualmente **musgo**). A pesar de **musgo** non ser un nome propiamente para **algas**, úsase este termo en ficoloxía ou algoloxía en todas as linguas do mundo, de maneira coincidente, para nomear algunhas especies bastante coñecidas a través dos medios de divulgación. Na Chave recollemos para o galego estas mesmas denominacións (algunhas delas xa usadas en galego, en ámbitos divulgativos). Son as especies seguintes :

Cladophora rupestris : **musgo do Xapón**

Asidium helminthocorton : **musgo da Córsega**

Chondrus crispus : **musgo da Irlanda**

Mastocarpus stellatus : **falso musgo da Irlanda**

Ademais, en galego úsase **gusmo** -ás veces escrito **ghusmo** ou **xusmo**- en lugar de **musgo** -un fenómeno fonético coñecido co nome de metátase- para *Codium adhaerens*, unha alga moi común, viscosa e escorregadiza, que vive apegada ás rochas do litoral. Para esta alga, mantense o nome tal como se usa popularmente en galego para a especie: **gusmo**.

Por outra banda, **mofo**, aínda que tamén é usado como sinónimo de **musgo** no galego de Asturias e León e en parte de Lugo, e, para alén diso, no galego de Asturias como nome para as **algas** do xénero *Ulva* con aparencia de fíos ou pelos, é propiamente sinónimo de **balor**, ou sexa, **fungos** que se desenvolven na materia orgánica formando unha capa algodonosa. Ten a súa equivalencia en catalán con *floritura*, en castelán con *moho*, en italiano con *muffa*, en francés con *moisi* e *moisissure*, en inglés con *mold* ou *mould*, en alemán con *Schimmel* (en portugués, **mofo** e **bolor**). Para evitarmos confusións, e por ser ademais **mofo** un sinónimo de **balor**, na Chave **non recomendamos o uso estándar ou formal de mofo para designarmos nin especies de musgos nin especies de algas**: só como nome para aquelas especies de fungos que forman unha capa algodonosa sobre a materia orgánica.

Maerl

Na cuarta edición deste recurso léxico incorporouse definitivamente a denominación **maerl** para as algas vermellas coralináceas dos xéneros *Phymatolithon* e *Lithothamnion*. Estas algas son todas así chamadas en inglés: *maerl*. É un termo orixinariamente procedente do bretón (*merl*, *maërl*) e do francés (*maërl*, *maërle*), que finalmente o inglés adoptou como *maerl*. Ao inzaren, estas algas forman unha chamativa agrupación no fondo mariño que en inglés recibe o nome de *maerl beds* ou igualmente *maerl* (en galego, **bancos de maerl** ou igualmente **maerl**). Son termos usados hoxe en día en practicamente todas as linguas europeas, tanto para estas algas como para a agrupación que forman nos fondos mariños (en catalán: *bancs de maërl*; en castelán: *fondos de maerl*; en italiano: *letti di maerl* etc.).

Argazo e sargazo

Argazo e **sargazo** son dous termos galegos diferentes (paralelamente, en portugués existen **argaço** e **sargaço**). Aínda que as palabras actuais poden ter cruzamentos canto á súa forma (son dúas palabras moi parecidas e a forma dunha puido influír na forma actual que ten a outra, reciprocamente) e cruzamentos canto ao seu significado (ás veces considéranse sinónimos e, por tanto, designarían as mesmas especies), o certo é que teñen etimoloxías diferentes e non designan exactamente as mesmas especies de algas.

Canto á orixe destas palabras, **argazo**, tanto en galego como en portugués, formouse a partir da palabra **algazo**, que derivaría de **alga**, por súa vez do latín *alga*. A pesar de que en galego tamén existe a palabra **algazo** (e **algaço** en portugués), a forma **argazo** espallouse moito máis e fíxose máis popular. A substitución do ele polo erre é un fenómeno fonético frecuente, chamado rotacismo.

Por outra banda, considérase que a palabra **sargazo** (ou **sargaço**) orixinouse no portugués coa base do latín *salicaceus* (salicáceo), relacionado con *salix*, *salice* (salgueiro), isto é: alga que ten parecido co follame ou a ramaxe dun salgueiro. Igualmente interveu o rotacismo: de salicáceo ou salgáceo, con ele, procede sargáceo ou **sargazo** (**sargaço**), con erre. O nome **sargaço** foi despois adoptado do portugués por outros idiomas (francés: *sargasse*; inglés: *sargasso* e *sargasso weed*; español: *sargazo*; italiano: *sargasso*) e a partir deste nome tamén se formou o xénero científico dun grupo de algas (*Sargassum*).

Canto ás especies que designan, **argazo** é por un lado un termo bastante xenérico para algas grandes que o mar bota na praia, ás veces grupos ou masas de algas, que sobre todo son algas castañas aínda que tamén poden ser algas vermellas. Alén diso, aplícase en particular a algunhas especies das que o mar deixa na praia, principalmente algas castañas da familia **Laminariáceas** (orde **Laminariales**) e da familia **Filariáceas** (orde **Tilopteridales**). Existe unha correspondencia case total entre as algas ás que fai referencia o termo galego **argazo** e o termo o inglés *kelp*, tanto no seu uso xenérico como na designación de especies concretas.

Por outra banda, o termo **sargazo** foi usado inicialmente polos navegantes portugueses para especies exóticas de algas que atopaban formando larguísimos bancos a sobrenadar na auga mariña (de aquí vén o nome do famoso Mar dos Sargazos). Trátase de algas castañas da familia **Sargasáceas** (orde **Fucales**), caracteristicamente do xénero *Sargassum*. Continúa sendo hoxe unha denominación para algas desoutras latitudes, sen representación en especies de algas do país, malia en tempos máis recentes algunha desas especies ser introducida na Galiza e se tornar invasiva (é o caso *Sargassum muticum*, o **sargazo xaponés**). Existe unha correspondencia total entre a denominación galega **sargazo** e o uso que se fai deste termo noutros idiomas: francés: *sargasse*; inglés: *sargasso* e *sargasso weed*; español: *sargazo*; italiano: *sargasso...*, referido nomeadamente ás especies do xénero *Sargassum*.

A cor roxa e o adxectivo roxo / roxa

A **cor roxa** en galego non se corresponde exactamente co que en castelán se coñece como *color rojo* (ou en inglés como *red colour*). *Rojo*, en castelán, ou *red*, en inglés, designan unha das cores primarias, a que é semellante á cor do sangue ou á do tomate maduro, que en galego recibe propiamente o nome de **vermello**, ou **cor vermella**.

A **cor roxa** é un pouco difícil de definir porque non é unha cor primaria, é dicir, son sobre todo tonalidades que corresponden ao espectro dunha cor primaria. En galego, úsase **roxo** ou **roxa** para designar unha tonalidade laranxa avermellada, moitas veces viva e mesmo brillante, como por exemplo cando dicimos o *pelo roxo*, *unha vaca roxa*, *millo roxo* ou *piñeiros roxos* (estes, pola casca), e para designar unha tonalidade violácea, se cadra rosada ou algo azulada, que nalgúns casos pode ser viva ou metálica, como cando dicimos *as patacas roxas*, *as fabas roxas*, *o mal roxo*, ou *co golpe púxoselle o ollo roxo*.

Para aprofundarmos nesta particularidade galega, é interesante apuntar que a semántica de **roxo** ten tamén relación coa calor, ou co lume. En galego temos expresións como *unha auga aínda roxa* ou *este caldo tá roxo*, que indican que esa auga ou ese caldo están moi quentes, que queiman. Ou se alguén di *teño a cabeza roxa*, está dicindo que lle doe a cabeza, como se tivese a cabeza quente, que lle queimase. E efectivamente, ambas as dúas tonalidades do **roxo**, a alaranxada e a violácea vivas, son características de materiais como as brasas ou o ferro incandescente.

De feito, nos materiais incandescentes podemos ver todo: podemos ver **a cor vermella**, o **vermello** prototípico, e podemos ver as tonalidades **roxas**, que son periféricas do espectro do **vermello**: o **laranxa intenso**, que é un **vermello** que vai indo cara ao amarelo –unha variación por un lado do seu espectro de tonalidades–, e o **violáceo intenso**, que é un **vermello** que vai indo cara ao azul –unha variación por outro lado do seu espectro de tonalidades–. É dicir, as tonalidades para as que hoxe usamos **roxo** en galego son tonalidades dun amplo espectro da variación do **vermello**.

Isto, porén, non sempre foi así. No galegoportugués medieval, común do galego e do portugués actuais, documéntase o uso de **roxo** para todo, para as tonalidades laranxas e violáceas e tamén para o que hoxe chamamos **vermello**. O que aconteceu foi un proceso de substitución paulatina da denominación da cor primaria, que comeza xa no século XIII a se denominar **vermello**. Neste proceso influíu a importancia económica que tivo para a industria téxtil o pigmento derivado do insecto *Kermes vermilio*: era importante destacar o que era exclusivamente **vermello**, a cor do pigmento, e diferencialo sen confusión do **roxo**, que tiña un espectro moi amplo. Finalmente, o uso continuado de **vermello** para a cor primaria levou ao desprazamento de **roxo** deste significado, aínda que sen quedar obsoleto: mantívose para as tonalidades periféricas do espectro desa cor primaria.

Nos nomes galegos das algas presentados pola Chave, por tanto, emprégase **roxo** e **roxa** facendo alusión a estas tonalidades. Así, por exemplo, o nome **ouca roxa** de *Plocamium cartilagineum* fai referencia á tonalidade que ten esta alga, que é violácea avermellada (non é propiamente vermella, non é como a cor do sangue ou do tomate maduro).

Á procura do nome galego dunha alga neste documento

Para consultarmos axiña o nome galego dunha alga na que estamos interesados:

Se sabemos o seu nome científico, unha boa opción é ter o recurso léxico descargado en **formato PDF e introducir no buscador do PDF o nome latino do xénero** desa alga, que é o primeiro dos que forman o seu nome científico. Ao clicarmos no xénero latino introducido no buscador, vainos aparecer onde é que está ese xénero no documento, destacándoo con algún tipo de sombreado. Se estamos na listaxe específica, o nome do xénero verémolo na esquerda da fila, e ao lado, no centro da fila, veremos o seu nome en galego, con letra máis grande e azul.

Pode ser que atopemos varias algas co mesmo xénero latino: daquela hai que saber **o nome latino completo, o xénero e mais a especie**, para achar o nome galego da que nos interesa.

Outra opción é se coñecemos **o nome inglés desa alga**: podemos escribilo no **buscador do PDF** e vannos ir aparecendo os nomes das algas que teñan ese nome en inglés (á beira, no centro da fila, con letra máis grande e azul, habemos atopar o seu nome en galego).

Por moitos e diversos motivos, non se inclúen os **nomes en castelán das algas**. Para sabermos cal é a correspondencia entre o nome castelán dunha alga e o nome galego, necesitamos coñecer **o seu nome científico**. Así, por exemplo, a alga que en castelán se chama *fuco vejigoso* ou *encina de mar* ten o nome científico *Fucus vesiculosus*; se escribimos *Fucus vesiculosus* no **buscador do PDF** aparécenos o lugar do documento onde se encontra ese nome científico, e á beira, no centro da fila, atopamos o seu nome en galego: **bocho común** (ou simplemente **bocho**).

Co **buscador do PDF** tamén podemos procurar o nome dunha **familia**. Así, por exemplo, se escribimos **Codiaceae** (ou se escribimos **Codiáceas**), aparécenos o lugar do documento onde se encontra o nome desta familia: na **listaxe xeral coa clasificación taxonómica** (no inicio do documento) ou na **listaxe das especies** (no corpo propiamente do documento). Clicando outra vez no buscador, imos dun lugar para o outro.

Agradecemento

O equipo da Chave quere expresar o seu **agradecemento** a **todas as persoas** que a través da sección **contacte** do sitio web envían **comentarios, suxestións, puntualizacións...** a respecto dos contidos dos recursos léxicos sobre a fauna e a flora. Todas as opinións son lidas con atención e interese. Aínda que non todas son tidas en conta, algunhas serven para puír ou enriquecer o xa publicado, e nalgún caso mesmo nos levaron a unha nova edición do documento. Moitas grazas, e animamos a todos os usuarios/as a continuar con esta retroalimentación positiva e construtiva.

Así mesmo e de maneira particular, queremos agradecer a **colaboración do Jordi Colàs**, que achegou a **fotografía do argazo** (*Laminaria* spp.) para a ilustración d' *Os nomes galegos das algas*.

Algas verdes

Clase: **Briopsidofíceas** (Bryopsidophyceae)

Orde: **Briopsidais** (Bryopsidales)

Familia: **Codiáceas** (Codiaceae) : **codios, taborras, boina verde, ramallo do mar, gusmo**

Clase: **Ulvofíceas** (Ulvophyceae)

Orde: **Cladoforais** (Cladophorales)

Familia: **Cladoforáceas** (Cladophoraceae) : **cladóforas, raposeira, musgo do Xapón**

Orde: **Dasicladais** (Dasycladales)

Familia: **Polifisáceas** (Polyphysaceae) : **acetabularias**

Orde: **Ulvais** (Ulvales)

Familia: **Ulváceas** (Ulvaceae) : **leitugas do mar, limocáns**

Clase: **Clorofíceas** (Chlorophyceae)

Orde: **Quetoforais** (Chaetophorales)

Familia: **Quetoforáceas** (Chaetophoraceae) : **verdíns**

Algas castañas

Clase: **Feofíceas** (Phaeophyceae)

Orde: **Fucais** (Fucales)

Familia: **Sargasáceas** (Sargassaceae) : **sargazos, carroucha**

Familia: **Himantaliáceas** (Himanthaliaceae) : **espaguete do mar**

Familia: **Fucáceas** (Fucaceae) : **bochos, cistoseiras (ou rabos de raposo)**

Familia: **Durviláceas** (Durvillaceae) : **argazo antártico**

Orde: **Laminariais** (Laminariales)

Familia: **Laminariáceas** (Laminariaceae) : **argazos, faixas, follas, palmeira mariña, vergallo de boi**

Familia: **Cordáceas** (Chordaceae) : **rabiza**

Familia: **Alariáceas** (Alariaceae) : **wakames**

Familia: **Lesoniáceas** (Lessoniaceae) : **arame**

Orde: **Tilopteridais** (Tilopteridales)

Familia: **Filariáceas** (Phyllariaceae) : **argazos**

Orde: **Desmarestiais** (Desmarestiales)

Familia: **Desmarestiáceas** (Desmarestiaceae) : **queimellas**

Orde: **Dictiotais** (Dictyotales)

Familia: **Dictiotáceas** (Dictyotaceae) : **dictiotas, rabo de pavón**

Orde: **Ectocarpais** (Ectocarpales)

Familia: **Ectocarpáceas** (Ectocarpaceae) : **cotóns**

Algas vermelhas

Clase: Florideofíceas (Florideophyceae)

Orde: **Bonnemaisoniais** (Bonnemaisoniales)

Familia: **Bonnemaisoniáceas** (Bonnemaisoniaceae) : **meruxa**

Orde: **Ceramiais** (Ceramiales)

Familia: **Ceramiáceas** (Ceramiaceae) : **fiúncho do mar**

Familia: **Rodomeláceas** (Rhodomelaceae) : **oucas, musgo da Córsega**

Orde: **Coralinais** (Corallinales)

Familia: **Coralináceas** (Corallinaceae) : **coralinas, craca, maerls**

Orde: **Gracilariais** (Gracilariales)

Familia: **Gracilariáceas** (Gracilariaceae) : **gracilarias**

Orde: **Nemaliais** (Nemaliales)

Familia: **Liagoráceas** (Liagoraceae) : **lixos**

Orde: **Halimieniais** (Halymeniales)

